

Recíclate con Sogama 2019-2020



"Recíclate con Sogama" é un programa de educación ambiental canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional) que ten por obxecto promover a participación e implicación da comunidade educativa na xestión sostible dos residuos urbanos mediante o consumo responsable, a menor produción de refugallos e o fomento da reutilización e a reciclaxe. Para facilitar esta tarefa, los centros dispoñen dunha pequena infraestrutura aportada por Sogama denominada "Illa de Reciclaxe", conformada á súa vez por tres contedores de 120 litros de capacidade cada un (amarelo, para latas, briks e envases de plástico; azul, para o papel/cartón; e verde, para a fracción non reciclable).

Aqueles centros que contan con servizo de comedor, subministrasellees igualmente un composteiro para o tratamento da materia orgánica xerada, permitíndolles así obter un abono de alta calidade que poder empregar nas súas hortas e xardíns. Con isto teñen a oportunidade de pechar o ciclo de recuperación e reciclaxe dos restos orgánicos, evitando o depósito dos mesmos nos contedores verdes convencionais.

O fin último desta iniciativa é que o alumnado, ademais de ser parte activa na mellor xestión dos refugallos producidos no ámbito escolar, actúe como axente dinamizador das boas prácticas ambientais a instaurar na súa contorna familiar e social, contribuíndo deste xeito a incrementar as taxas de reciclado en Galicia y, polo tanto, os beneficios asociados, tanto a nivel ambiental (aforro de enerxía e materias primas) como económico (diminución dos custes para os concellos).





O programa, que alcanza a oitava edición, abarca o curso académico 2019-2020 e diríxese a 25 centros escolares (públicos e concertados) de Educación Primaria.

Os recursos empregados na formación e sensibilización do público destinatario tradúcense en sesións informativas e formativas presenciais a cargo de educadores especializados, cursos de formación online orientados aos docentes, guías didácticas, presentacións, vídeos, xogos, convocatoria de premios, etc.

Máis información en: <https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta> [2]

Ficha técnica do programa Recíclate con Sogama 2019-2020: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/6220> [3]

Anexo

	Tamaño
 Díptico Recíclate 2019-2020.pdf [4]	1.08 MB
 Guía didáctica profesorado 2019-2020.pdf [5]	4.24 MB
 Presentación_recíclate_2019-2020.pdf [6]	2.64 MB
 Convocatoria premios Recíclate con Sogama 19-20.pdf [7]	399.14 KB



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/info/reciclate-con-sogama>

Ligazóns

[1] http://www.sogama.gal/sites/default/files/amplia_cabecera_reciclaconsogama.jpg

[2] <https://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta>

[3] <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/6220>

[4] http://www.sogama.gal/sites/default/files/D%C3%ADptico%20Rec%C3%ADclate%202019-2020_0.pdf

[5] http://www.sogama.gal/sites/default/files/Gu%C3%ADa%20did%C3%A1ctica%20profesorado%202019-2020_0.pdf

[6] http://www.sogama.gal/sites/default/files/Presentaci%C3%B3n_rec%C3%ADclate_2019-2020_0.pdf

[7] <http://www.sogama.gal/sites/default/files/Convocatoria%20premios%20Rec%C3%ADclate%20con%20Sogama%2019-20.pdf>